



## MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE VECIÑANZA PARA A MELLORA DA ACCESIBILIDADE NOS ESPAZOS PÚBLICOS DE CUNTIS

---

### Ao pleno da Corporación de Cuntis

---

Saleta Fernández de la Torre e Santi Martínez López, na nosa condición de concelleiros do Grupo Municipal de Veciñanza, ao abeiro do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presentan diante do Pleno da Corporación Municipal a seguinte MOCIÓN:

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A accesibilidade en igualdade de condicións para todos e todas é unha demanda inaprazable na sociedade actual. O estado actual desta materia no noso municipio resulta manifestamente mellorable, tanto nas rúas, como nos edificios públicos, así como en parques e xardíns.

Creemos, que non hai a suficiente conciencia e empatía co cidadán que ten dificultades de mobilidade, polo que, deberíamos poñernos no lugar do outro, para así poder entendela e coñecer cales son as súas necesidades e desexos.

A *Lei 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade*, recolle a obriga de garantirlle ás persoas con discapacidade a igualdade de oportunidades en relación coa accesibilidade universal e co deseño para todos respecto dos contornos, procesos, bens, produtos e servizos, así como en relación cos obxectos ou instrumentos, ferramentas e dispositivos, de modo que estes se fagan comprensibles, utilizables e practicables por todas as persoas, en igualdade de condicións de seguridade e comodidade e do xeito máis autónomo e natural posible. Baseada en principios como:

- Accesibilidade universal.
- Deseño para todas as persoas.
- Inclusión social.
- Igualdade de oportunidades.
- Vida independente.
- Diálogo civil.
- Normalización.
- Transversalidade.



O seu ámbito de aplicación deben ser levada a cabo na Comunidade Autónoma de Galicia por entidades públicas ou privadas, así como polas persoas individuais, en materia de:

- Espazos público urbanizados, infraestruturas e edificación.
- Transportes.
- Telecomunicacións e sociedade da información.
- Bens e servizos á disposición e relacións coas administración públicas.

É deber da administración garantir a accesibilidade e a utilización dos bens e servizos da sociedade, a todas as persoas e, especialmente, a aquelas con mobilidade reducida ou con claquera outra limitación física, psíquica ou sensorial, de xeito permanente ou temporal.

Para isto debemos comezar pola adaptación dos espazos públicos, como sería o propio edificio do Concello, xa que para unha persoa con mobilidade reducida, ou usuaria de cadeira de rodas é case imposible acceder por si sóa ao interior do edificio, e moito menos ir a determinadas dependencias (alcaldía, salón de plenos...).

Tamén é necesario destacar que os parques infantís non están acondicionados para que as crianzas con mobilidade reducida, usuarios de cadeiras de rodas, ou con discapacidade visual, poidan desfrutar deles.

A accesibilidade beneficia principalmente aos veciños que residen neste concello, pero tamén o sería para todos/as os/as que nos visitan en calidade de turistas. Polo que deberamos ter en conta que, dispor dun Concello libre de obstáculos sería un gran atractivo turístico, o que repercutiría moi positivamente na vila. Non esquezamos que os grupos/asociación de discapacitados, móvense, especialmente, a eses lugares onde se lle poñen as cousas fáciles e se lles permite levar unha vida normal, libre de ataduras. Sobre todo, debemos darnos conta, que o turismo accesible non só é bo para as persoas con discapacidade ou con necesidades especiais; é bo para todos. Eliminar as barreiras arquitectónicas é un dos factores chave para o desenvolvemento do turismo accesible.



**POR TODO O EXPOSTO, O GRUPO MUNICIPAL VECIÑANZA SOMETE A APROBACIÓN DO PLENO A ADOPCIÓN DOS SEGUINTE ACORDOS:**

1. Desenvolver un Plano Municipal de Mellora da accesibilidade dos espazos públicos, tanto no casco urbano, como nas diferentes parroquias, que de xeito inmediato identifique e suprima as barreiras arquitectónicas en espazos e edificios públicos.
2. Priorizar o cumprimento da lei de accesibilidade e aplicar a empatía coas persoas con mobilidade reducida á hora de proxectar obras e intervencións públicas.
3. Fixar este criterio para pular por un municipio libre de barreiras arquitectónicas que nos sitúe como referencia de concellos accesibles para a súa adecuada promoción turística.

Cuntis, 21 de xaneiro de 2015

Saleta Fernández de la Torre

Santi Martínez López